



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL EN CORISTANCO 2023
EXPEDIENTE: 2023/G003/001219

ANTECEDENTES:

O Concello de Coristanco quere convocar un Concurso Infantil de Postais de Nadal 2023, que ten por obxectivo principal o fomento da interrelación da comunidade escolar, tecido comercial e veciñanza de Coristanco e o fomento do galego nestes eidos a través da elaboración de postais de Nadal

Tendo en conta o anterior, de conformidade coas atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar as Bases do Concurso infantil de Postais do Nadal 2023 que teñen o seguinte contido:

“PRIMERA.- O concurso ten por obxectivo principal o fomento da interrelación da comunidade escolar, tecido comercial e veciñanza de Coristanco e o fomento do galego nestes eidos a través da elaboración de postais de Nadal que serán seleccionadas polo Concello de Coristanco para a campaña de Nadal do presente ano.

SEGUNDA.- Cada autor poderá concorrer cunha única postal que deberá ser orixinal e inédita, entendéndose como tal unha obra que sexa da súa exclusiva autoría e propiedade e que non teña sido exposta nin presentada anteriormente en ningún outro certame/ou concurso. O tema a empregar deberá estar relacionado co Nadal tradicional galego. O tamaño suxerido será o correspondente a un A5, sendo as técnicas de pintura de libre elección.

TERCEIRA.- O concurso está dirixido a todos os rapaces e rapazas de Coristanco de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

CUARTA.- Os traballos deberán presentarse como data límite o 12 de decembro nos centros escolares da localidade. O Xurado reunirse nos centros de ensino a partir do 14 de decembro para fallar o Concurso.



QUINTA.- Cada traballo debera levar no seu reverso os datos do/a autor/a: título do traballo, Nome e apelidos do/a autor ou autora, idade, teléfono e/ou correo electrónico de contacto, curso e nome do Centro Escolar.

SEXTA.- O xurado estará composto por un representante de cada equipo educativo dos centros educativos municipais.

SÉTIMA.- As persoas gañadoras do concurso xunto coa imaxe do seu traballo publicaranse na web e redes sociais do Concello.

OITAVA.- Categorias:

CATEGORÍA 1: nenos e nenas de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.

CATEGORÍA 2: nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria.

CATEGORÍA 3: nenos e nenas de 3º e 4º de Educación Primaria.

CATEGORÍA 4: nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria.

CATEGORÍA 5: nenos e nenas de 1º, 2º, 3º e 4º Educación Secundaria.

NOVENA.- Disporase de dous premios por categoría que constan de libros ou material didactico, valorado na súa totalidade duns 400 euros.

DÉCIMA.- A participación neste concurso implica a aceptación destas bases e a cesión ó Concello de Coristanco dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre os traballos presentados previstos na lexislación sobre a Propiedade ou a súa edición dixital, así como calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual.

UNDÉCIMO.-"Dacordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Personais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais e/ou dos do menor (nos seu caso) é o Concello de Coristanco (Avenida Fisterra, 112, 15147 Coristanco, A Coruña). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de Postais organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán (excepto no dito na cláusula sétima), salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello:



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

exp. 2023/G003/001219

<https://sede.coristanco.gal/sxc/es/>

SEGUNDO: Publicar o contido destas bases no taboleiro de anuncios e web municipais mais no BOP de A Coruña.

TERCEIRO: Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, poderá, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso.

Igualmente advírteselle a posibilidade de interposición de calquera outro recurso que estime pertinente (art. 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

CUARTO. Dar conta ao pleno na próxima sesión que celebre

Asinado electrónicamente polo alcalde Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.